

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANUNCIO do 17 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais nas especialidades de acordeón (594401), clave (594405), fruta travesa (594410) e linguaxe musical (594460) (Diario Oficial de Galicia do 22 de xaneiro).*

Finalizado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos nas especialidades de acordeón (594401), clave (594405), fruta travesa (594410) e linguaxe musical (594460), procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisional do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de acordeón (594401), clave (594405), fruta travesa (594410) e linguaxe musical (594460).

Segundo. Contra estas puntuacións provisionais e relación de excluídos provisionais poderá interperse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2016

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

